

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE PONTEVEDRA E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE DENTISTAS DA XI REXIÓN (PONTEVEDRA- OURENSE) PARA A ATENCIÓN BUCODENTAL DE USUARIOS DA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

En Pontevedra, a 9 de decembro de 2016

Dunha banda, dona Carme da Silva Méndez , con DNI nº 35.313.301K, actuando en nome e representación do Concello de Pontevedra, no uso das facultades que se lle atribúen na súa condición de Alcadesa accidental-Presidenta do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/03 do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, así como o disposto na artigo 41 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

E doutra, don Segundo Eduardo Rodríguez Grandío, Presidente do Colexio Oficial de Dentistas da XI Rexión, con domicilio na Rúa Augusto García Sánchez, 10 de Pontevedra, actuando en nome e representación do mesmo, tal e como acredita o seu nomeamento segundo acta da assemblea da reunión da Junta Directiva do día 14 de decembro de 2015.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Colexio Oficial de Dentistas da XI Rexión (Ourense e Pontevedra) é unha entidade que leva a cabo actividades de coordinación e programación da participación dos seus colexiados, promovendo e fomentando iniciativas públicas ou privadas que teñan por obxecto unha maior eficacia asistencial, entre as que se inclúen a prestación de servizos de atención odontolóxica.

Segundo.- Que a poboación do Concello de Pontevedra susceptible de beneficiarse deste convenio a integran aquelas persoas con problemas bucodentais susceptibles de tratamento especializado que carezan de recursos económicos para dita finalidade.

Terceiro.- Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas a efectos de garantir a atención preferente deste colectivo.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o compromiso polo Colexio Oficial de Dentistas da XI Rexión (Ourense-Pontevedra) para aplicar as tarifas recollidas na cláusula terceira pola asistencia odontolóxica as persoas derivadas dende a Área de Benestar Social do Concello de Pontevedra (Oficina Técnica de Servizos Sociais, Servizo de Igualdade e Servizo de Drogodependencias) con problemas bucodentais susceptibles de tratamento especializado que carezan de recursos económicos para dita finalidade, sempre en cando exista unha derivación formal dos técnicos responsables dos servizos referidos.

O Colexio Oficial de Dentistas dará traslado ós seus facultativos colexiados das tarifas contidas neste convenio para que estes poidan aceptalas e posteriormente adherirse ou non ó mesmo.

SEGUNDA.- Os tratamentos odontolóxicos prestados ao abeiro deste convenio irán dirixidos aos usuarios dos servizos sociais do Concello de Pontevedra

TERCEIRA.- As tarifas a aplicar polos tratamentos odontolóxicos, e que poden ser aceptadas polos facultativos colexiados no Colexio Oficial de Dentistas da XI Rexión, que se adhiran o presente convenio serán as seguintes:

Tratamento	Importe
Obturacións de amalgama de prata simple	27,94 €
Obturacións de amalgama de prata complexa	40,35 €
Obturacións de composite (estética) posterios	31,04 €
Obturacións de composite (estética) anterior	37,25 €
Prótese removible en resina < 3 dentes	124,17 €
Prótese removible en resina de 3 a 6 dentes	186,25 €
Prótese removible en resina > 6 dentes	248,34 €
Prótese removible esquelético < 3 dentes	186,25 €
Prótese removible esquelético de 3 a 6 dentes	235,92 €
Prótese removible esquelético > 6 dentes	298,01 €
Prótese fixa metal-resina, coroa	124,17 €
Endodoncia simple	62,08 €
Endodoncia complexa	99,34 €
Pulpotomía e reconstrucción	49,67 €
Mantedor de espazo a dúas bandas	74,50 €
Mantedor de espazo removible	74,50 €
Reconstrucción con pernos	93,13 €
Tratamento periodontal duhna arcada	155,21 €
Tratamento sinxelo de ortodoncia	931,27 €
Tratamento complexo de ortodoncia	1552,1 €
Colocación de implante Standard	436,23 €
Coroa metal -cerámica sobre implante	341,12 €
Coroa metal-cerámica sobre dente	154,17 €

Sobredentadura sobre 2 implantes (non inclúe os implantes)	758,89 €
Sobredentadura sobre 4 implantes (non inclúe os implantes)	962,68 €
Prótesis completa (superior ou inferior)	298,01 €
Prótesis híbrida sobre implantes (dependendo do nº de implantes)	1342,34 € (4 implantes) - 1668,21 € (6 implantes)
Regeneración ósea con membrana	172,36 €
Tartrectomia	23,45 €
Pontico protésico sobre implantes ou dentes	98,67 €

CUARTA.- Unha vez asinado o convenio de colaboración, o Colexio Oficial de Dentistas da XI Rexión (Ourense e Pontevedra) deberá remitir ao Concello a relación dos facultativos colexiados que acepten as tarifas contidas no mesmo.

Adxúntase a este convenio o protocolo de actuación que deberá seguirse pola partes asinantes.

QUINTA.- A sinatura deste convenio non conleva contraprestación económica entre ámbalas dúas partes.

SEXTA.- Constituirase unha comisión mixta para o seguimento do convenio co obxecto de solventar as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Concello de Pontevedra
- Dous representantes do Colexio Oficial de Dentistas da XI Rexión (Ourense e Pontevedra)

SÉTIMA.- Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Incumprimento das cláusulas do mesmo
- Mutuo acordo das partes.

OITAVA.- As posibles modificacións e/ou incorporacións de novas cláusulas ou anexos ao convenio formalizaranse mediante “modificación” e/ou “addenda”, cos mesmos requisitos e condicións que para a probación do mesmo.

NOVENA.- Este convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de dous anos podendo prorrogarse por acordo expreso das partes por anualidades ata un máximo de catro, agás denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha antelación de tres meses á data do remate de vixencia do mesmo.

DÉCIMA.- O presente documento ten natureza administrativa. A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativas do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo reguladora desta xurisdicción sendo competente para tales efectos o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non obstante, contra os actos da Administración, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano administrativo que o dictase, no prazo dun mes, segundo o disposto no artigo 116 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

(modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro)

DÉCIMO PRIMEIRA.- Respecto aos datos que se utilicen no desenvolvemento do convenio gardarase o debido segredo, reserva e confidencialidade de acordo coa Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

E, en proba de conformidade ámbalas dúas partes asinan este convenio de colaboración por triplicado no lugar e data citados no encabezamento

A Alcaldesa accidental de Pontevedra,

O Presidente do Colexio Oficial de Dentistas da XI Región

Carme da Silva Méndez

Segundo Eduardo Rodríguez Grandío